



Concello de Barro

PROGRAMA “+BENESTAR” 2026

A Excm. Deputación de Pontevedra en colaboración co Concello de Barro organiza un Programa orientado a mellorar a calidade de vida e envellecemento activo. No Programa ofrécese unha estancia de seis días e cinco noites (entrada os domingos pola tarde e saída os venres despois de xantar) nun hotel con talaso, spa ou outras instalacións de características similares da provincia de Pontevedra, en réxime de pensión completa e con actividades de animación sociocultural.

Establecementos: **GRAN TALASO HOTEL SANXENXO 4*** (SANXENXO), **HOTEL CARLOS I SILGAR 4*** (SANXENXO), **HOTEL SPA NORAT TORRE DO DEZA 4*** (LALÍN), **HOTEL SPA GALATEA 4*** (PORTONOVO, SANXENXO), **HOTEL NOVO ASTUR & SPA 3*** (VILALONGA, SANXENXO), **HOTEL NORAT MARINA AND SPA 4* SUPERIOR** (O GROVE), **HOTEL SPA NORAT O GROVE 3* SUPERIOR** (O GROVE) e **TALASO HOTEL LOUXO LA TOJA 4*** (ILLA DA TOXA, O GROVE).

Requisitos: Establecidos nas bases (BOPPO 35 de 20/02/2026):

- Estar empadroadas na provincia de Pontevedra.
- Ter 55 anos ou máis.
- Para persoas menores de 55 anos, deberán concorrer nelas algunha das seguintes:
 - Ter recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, o que se acreditará coa tarxeta ou co certificado de recoñecemento do grao de discapacidade.
 - Posuír a condición de pensionista polos conceptos de xubilación, invalidez, viuvez ou outros.
 - Ter recoñecido pola Xunta que o demandante é a persoa coidadora dunha persoa dependente, ou no seu defecto ter acreditado, polos servizos sociais comunitarios básicos do seu Concello, un respiro familiar.
- Non sufrir ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.

De acordo co establecido na base sexta da convocatoria, os importes a subvencionar pola Deputación viran dados polas condicións de cada solicitante, de forma individual. **O Concello subvencionará 10,00 € por praza.**

Os interesados/as deberán acudir ó Departamento de Servizos Sociais provistos do DNI e certificado da pensión si é o caso.

PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES NO CONCELLO: ata o 12 de MARZO de 2026.

O ALCALDE- Xosé Manuel Fdez. Abraldes
(DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE)

